

II FESTIVAL DE TEATRO ESCOLAR DO IES DE CACHEIRAS

Presentouse esta mañá ás 12:15 horas no Salón de actos do IES DE CACHEIRAS o **II FESTIVAL DE TEATRO ESCOLAR DO IES DE CACHEIRAS** que se celebrará o sábado, 6 de maio, na **CARBALLEIRA DE FRANCOS** e no Auditorio Constante Liste, da Ramallosa.

Este evento está **organizado** pola **AULA DE TEATRO DO IES DE CACHEIRAS, O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA, A BIBLIOTECA LUISA VILLALTA E O DEPARTAMENTO DE VICEDIRECCIÓN E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** e conta coa **colaboración** do **Concello de TEO e coa da Asociación Veciñal Carballeira do San Martiño.**

Na presentación participaron a concelleira de Cultura e Educación María López Álvarez; o Tesoureiro desta Asociación, Eduardo Sayáns Robado; a vocal desta agrupación, Alcira Ferrón Iglesias; a Vicedirectora do IES de Cacheiras, Trinidad Pazos Celis; alumnado de Educación Secundaria que protagoniza o roteiro e a actuación e o director de teatro Afonso García Penas.

Participarán nesta xornada cultural máis de cen actores e actrices de catro Aulas de Teatro de diferentes puntos xeográficos de Galicia (Teo, Touro, Compostela e Palas de Rei). O programa deste Festival é o seguinte:

Haberá un **roteiro teatral, poético e musical ás 16:00 horas** ao redor da **CARBALLEIRA DE FRANCOS**, que estará protagonizado pola veciñanza desta aldea e integrantes da Asociación Veciñal Carballeira do San Martiño, alumnado, nais, pais e profesorado do instituto. **Este roteiro** consta de sete escenas que permiten imaxinar o bulicio que houbo na Feira de Francos nos anos corenta e cincuenta do século pasado. **Combinará** música, teatro e poesía e perseguirá **varios obxectivos**: achegar diferentes xéneros teatrais á poboación, a interrelación entre persoas de diferentes idades e localidades, a aproximación do alumnado ao mundo rural e a súa posta en valor, a transmisión dos saberes da xente que habita na aldea, a recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial.

Ás 19:30 horas, no AUDITORIO CONSTANTE LISTE, da Ramallosa, a Aula de Teatro do IES DE CACHEIRAS, O Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei, A Aula de Teatro do CPI FONTE DÍAZ, de Touro e A Aula de Teatro do IES Antonio Fraguas Fraguas porán en escena o espectáculo AS MALETAS DOS CONTOS VIAXEIROS.

As maletas dos contos viaxeiros presenta, desde unha perspectiva dinámica, cómica e pedagóxica, diversas historias que invitan á reflexión sobre valores como a IGUALDADE, a cultura da paz, o respecto ao medioambiente, a solidariedade, a integración... Trátase dun espectáculo que se vertebra sobre un concepto da educación como ferramenta imprescindible na realización plena do ser humano a través de valores como o diálogo, a tolerancia, a humildade, o respecto...

Este traballo amosa, tamén, o valor da lectura como elemento esencial na formación de seres humanos libres e pon de manifesto a relevancia da empatía con aqueles que sofren. Sobre o escenario uns personaxes disparatados protagonizarán historias que foron relatadas polas nosas avoas e que propiciarán que o público transite por unha ferverza de emocións. Arriba o pano!!!

Este Festival permite que o alumnado das catro Aulas de teatro interactúe e propicia que amose o traballo realizado durante o Curso teatral que se desenvolve ao longo do curso académico 2022/23 nas catro localidades; ademais de integrar a persoas con diferentes capacidades, de intercambiar experiencias e traballar conxuntamente nun obxectivo común: a posta en escena dunha obra teatral. Insírese dentro dunha xira de funcións que comezou o día 2 de marzo no Teatro Principal de Ourense, continuou o 4 de marzo en Touro, o 25 de marzo en Palas de Rei, 5 de abril en Argamasilla de Alba (Ciudad Real), 6 de abril en San Clemente (Cuenca) e 7 de abril en Tabernas (Almería) e continuará en Compostela o 13 de maio.